

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



**INFORME XURIDICO PROPOSTA E RESOLUCIÓN**

**Expte: 1594/1102**

Asunto: solicitud de acceso a información pública

**ANTECEDENTES**

En data 24.10.2023 [REDACTED], en calidade de funcionario do Concello co número [REDACTED] solicita recibir relación ampliada da RPT. Documento que mostre o nome e apelidos das persoas asignadas a cada posto.

En data 15.12.2023 remítese o expediente a Secretaria de Goberno Local.

En data 18.12.2023 solicítase informe á area de RRHH e Formación.

En data 28.12.2023 remítese informe da área de RRHH e Formación.

**LEXISLACION APLICABLE**

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2024 08:59	Páxina 1 de 4
1594-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

#### **SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-**

A vista da solicitude formulada en data 29.12.2023 a área de RRHH e Formación emite informe no que sinala " *Respecto á solicitude de acceso formulada por D. [REDACTED] [REDACTED] A tramitación correspondente figura nos expedientes administrativos 40934/220 e 42474/220 nos que D. [REDACTED] [REDACTED] con nº persoal [REDACTED] adscrito ao Servizo Policía Local, [REDACTED] [REDACTED] - axente policía Ud. Esp. Seguridade é interesado no procedemento, constando na resolución do mesmo."*

Xunto co informe achégase resolución de data 12.06.2023 pola que se acorda adscribir provisionalmente aos postos do servizo da Policía Local que figuran na Relación de Postos de Traballo 2023 (Expte 40934-220 Proposta de Aplicación e estudo, análise e valoración retributiva e funcional dos postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da RPT ano 2023), segundo proposta da xefatura do servizo da Policía Local, con efectos 01/04/2023.

Segundo a dita resolución, onde figura o nome e apelidos das persoas asignadas a cada posto, o solicitante [REDACTED] funcionario do Concello co número [REDACTED] foi adscrito de forma provisional ao posto de Policía Unidade Especial de Seguridade.

O artigo 13 -en relación co artigo 12 da LTAIBG- reconece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública obrante nos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación, non é menos certo que dita norma indica, no apartado 1 da súa Disposición Adicional Primeira, que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo. Neste caso as solicitudes deberán dirixirse ao servizo xestor de cada expediente.

Respecto a esta disposición, e conforme a resolución do CTBG núm. 198/2022, deben formularse algunhas consideracións para que poida ser invocada como motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso; segundo, o reclamante debe ser un interesado no mesmo; e, finalmente, terceiro, o procedemento debe estar en curso.

Neste senso, o solicitante consta como interesado (artigo 4.1 da LPAC) no expediente 42474/220. e como tal, conforme o sinalado na propia resolución de data 16.06.2023 e artigo 40 da LPAC deberá ser notificado da resolución. Así mesmo o artigo 53 da LPAC determina que os interesados nun procedemento administrativo teñen o dereito, entre outros: a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados; o sentido do silencio administrativo que

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2024 08:59	Páxina 2 de 4
1594-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

corresponda, no caso de que a Administración non dite nin notifique resolución expresa en prazo; o órgano competente para a súa instrución, no seu caso, e resolución; e os actos de tramite ditados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos

Polo exposto procede inadmisión a trámite da súa solicitude de acceso a información pública toda vez que, de conformidade coa Disposición Adicional Primeira da LTAIBG, o acceso a resolución mediante a súa notificación deberá facerse conforme as normas procedimentais previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

### TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Inadmitir a trámite a solicitude de [REDACTED] da súa solicitude de acceso a información pública conforme a Disposición Adicional Primeira da LTAIBG e motivación exposta no apartado segundo das consideracións xurídicas.

**SEGUNDO.-** Dar traslado á área de RRHH e Formación ao obxecto practicar as notificacións da resolucións.

**TERCEIRO.-** Comunicar a [REDACTED] que contra resolucións de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña


**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2024 08:59	Páxina 3 de 4
1594-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2024 08:59	Páxina 4 de 4
1594-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		